

## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

### **PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS QUE REXERÁN A CONTRATACIÓN MEDIANTE PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO, TRAMITACIÓN ORDINARIA, PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE “SEGUNDA FASE DO ABASTECIMENTO DE AUGA AOS LUGARES DE A LOUSEIRA E A COROTA” DO CONCELLO DE MEIRA.**

#### **1.- OBXECTO DO CONTRATO E NECESIDADES ADMINISTRATIVAS A SATISFACER.**

O presente contrato ten por obxecto a realización das obras de abastecemento de auga potable ás vivendas dos núcleos das poboacións de A Louseira e A Corota do Concello de Meira (Lugo) na súa segunda fase.

Trátase dun contrato de obras, cualificado como tal acordo ao que dispón o artigo 13 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público ademais da súa condición de contrato administrativo.

En concreto, trátase da escavación do terreo, construción da rede de distribución e as acometidas para as vivendas así como a reposición do firme dos viais polos que transcorre a canalización.

Todo elo de acordo aos pregos de prescricións técnicas do presente contrato e que se instrumentan a través do proxecto denominado “**SEGUNDA FASE DO ABASTECIMENTO DE AUGA AOS LUGARES DE A LOUSEIRA E A COROTA**” redactado enxeñeiro técnico Álvaro Veigas Méndez en xaneiro do 2021 e no que se especifican as condicións técnicas a desenrolarse.

Os códigos de clasificación estatística aplicables son os seguintes:

- CPV: 41110000-3, Auga potable.
- CPV: 44162500-8, Canalización de auga potable.
- CPV: 45232150-8, Traballos relacionados con tubaxes de distribución de auga.
- CPV: 45232430-5, Obras para tratamento de auga.
- CPV: 45232150-8, Distribución de auga potable.

#### **2.- RÉXIME XURÍDICO APLICABLE.**

Sen prexuízo do disposto con carácter xeral para os contratos das corporacións locais, o contrato rexerese polas seguintes normas:

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014 (en adiante LCSP).
- Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenrola parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do Sector Público (RCSP).
- Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, no que non se opoña á Lei



30/2007 (RGLCAP).

- Ademais do presente prego terán carácter contractual os seguintes documentos: O documento no que se formalice o presente contrato.

### **3.- XUSTIFICACIÓN DO PROCEDUREMTO.**

O contrato adjudicarase mediante o procedemento aberto simplificado, mediante tramitación ordinaria, previsto e regulado nos artigos 131.2 e 159 da LCSP.

Co fin de asegurar a transparencia e o acceso público ao procedemento de contratación, toda a información relativa a este contrato poderá consultarse no perfil do contratante do Concello de Meira.

### **4.- PREZO DO CONTRATO, ORZAMENTO MÁXIMO DE LICITACIÓN E VALOR ESTIMADO.**

Acordo ao artigo 101 da LCSP, o valor estimado do presente contrato ascende a **CINCUENTA E SETE MIL SEISCENTOS SETENTA E SEIS EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (57.676,21 €).**

Para elo, tívose en conta os custos derivados da aplicación das normativas laborais vixentes, os custos de execución material das unidades de obras, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial.

Acordo ao artigo 102 da LCSP, o prezo do presente contrato acada os **SESENTA E NOVE MIL SETECENTOS OITENTA E OITO EUROS CON VINTE E UN CÉNTIMOS (69.788,21 €).**

O I.V.E. do presente contrato acada os **DOCE MIL CENTO DOCE EUROS (12.112,00 €).**

O prezo abonarase con cargo ao Plan Único de Cooperación cos concellos da provincia da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021 e co crédito da partida orzamentaria 161.629.02.

### **5.- ACREDITACIÓN DA APTITUDE PARA CONTRATAR.**

Poderán presentar proposicións as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, que non se atopen incursoas en prohibicións de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.

A capacidade de obrar dos empresarios e a non concorrencia de prohibicións de contratar acreditarase mediante a inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público.

A inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario en canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación, habilitación profesional ou empresarial, solvencia económica e financeira e técnica ou profesional, clasificación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia ou non concorrencia das prohibicións de contratar que deban constar no mesmo.

Todos licitadores que se presenten a este procedemento de contratación deberán



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

estar inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLEC), ou cando proceda no Rexistro Oficial da correspondente Comunidade Autónoma, na data final de presentación de ofertas, sempre que non se vexa limitada a concorrência.

Non obstante, con respecto á inscrición no ROLEC, estarase ao disposto na Disposición Final Décimo sexta, en canto á entrada en vigor do apartado 4 do artigo 159 da LSCP.

As empresas concorrentes deberán xustificar a solvencia económica mediante a achega dos documentos seguintes:

- Xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais de cada un dos partícipes na execución do contrato por un importe mínimo de 300.000 euros para cada un deles.

Os licitadores acreditarán a súa solvencia técnica e profesional polos medios que a continuación se indican, debendo aportar os seguintes documentos:

- Designación expresa dos participantes na execución do contrato. A vinculación coa empresa do persoal adscrito á execución do contrato acreditarase mediante a achega dos documentos TC2 de cotización á Seguridade Social correspondentes ou contrato laboral, no seu caso.

No suposto de que non forme parte do cadro de persoal do licitador deberá acompañarse o compromiso de colaboración orixinal asinado polos profesionais citados.

- Relación dos principais traballos similares realizados polos participantes na execución do contrato nos últimos cinco anos.

Segundo o artigo 88 da LCSP, *“En los contratos cuyo valor estimado sea inferior a 500.000 euros, cuando el contratista sea una empresa de nueva creación, entendiéndose por tal aquella que tenga una antigüedad inferior a cinco años, su solvencia técnica se acreditará por uno o varios de los medios a que se refieren las letras b) a f) anteriores, sin que en ningún caso sea aplicable lo establecido en la letra a), relativo a la ejecución de un número determinado de obras.”*

### 6.- RESPONSABLE DO CONTRATO E DIRECCIÓN FACULTATIVA.

Ao responsable do contrato correspóndelle, de acordo co disposto no artigo 62.1 da LCSP, supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación pactada, dentro do ámbito de facultades que o órgano de contratación lle atribúa.

De conformidade co artigo 62.2 da LCSP, nos contratos de obras as facultades do responsable do contrato serán exercidas pola dirección facultativa de acordo cos artigos 237 a 246 LCSP.

O órgano de contratación, a través da dirección facultativa, tamén efectuará a inspección, comprobación e vixilancia para a correcta realización da obra executada de acordo ao Proxecto Técnico da Obra.

Sen prexuízo do disposto no artigo 214.2 d) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5



de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, relativa á función interventora, será misión da dirección facultativa, a comprobación da realización das obras segundo o proxecto, así como as súas instrucións no curso da execución das mesmas.

O contratista gardará e fará gardar as consideracións debidas ao persoal da dirección facultativa, que terá libre acceso a todos os puntos de traballo e almacéns de materiais destinados ás obras para o seu previo recoñecemento.

Cando o contratista, ou persoas del dependentes, incorran en actos ou omisións que comprometan ou perturben a boa marcha do contrato, o órgano de contratación poderá esixir a adopción de medidas concretas para conseguir ou restablecer a boa orde na execución do pactado.

A dirección facultativa da obra poderá ordenar a apertura de calas cando sospeite a existencia de vicios ocultos de construción ou haberse empregado materiais de calidade deficiente. De confirmarse a existencia de tales defectos, serán de conta do contratista os gastos derivados do recoñecemento e corrección.

En caso contrario, a dirección certificará a indemnización que corresponde á execución e reparación das calas, valoradas aos prezos unitarios do orzamento de adxudicación.

Así mesmo, a dirección facultativa, de conformidade co establecido no artigo 145 do RGLCAP, poderá ordenar a realización de ensaios e análises de materiais e unidades de obra e que se soliciten os informes específicos que en cada caso resulten pertinentes, sendo os gastos que se orixinen de conta da Administración ou do contratista.

A dirección poderá ordenar, con carácter de urxencia, a execución dos traballos necesarios nos casos de perigo inminente. O contratista deberá executar tales traballos sen prexuízo de que a dirección da obra promova con posterioridade a tramitación administrativa correspondente.

O procedemento para seguir nos casos de forza maior do artigo 239 da LCSP, será o establecido no artigo 146 do RGLCAP.

A resolución de incidencias xurdidas na execución do contrato tramitarase, mediante expediente contradictorio, de acordo co establecido no artigo 97 do RGLCAP. Durante a execución do contrato, o adxudicatario asumirá as súas responsabilidades inherentes á execución dos traballos e ao control e vixilancia de materiais e obras que execute conforme ás instrucións, de obrigado cumprimento, dadas pola dirección e inspección da obra.

## **7.- PRESENTACIÓN DE OFERTAS E DOCUMENTACIÓN.**

### **7.1.- Condicións previas.**

As proposicións dos interesados deberán axustarse aos pregos e documentación que rexen a licitación, e a súa presentación supón a aceptación incondicionada polo empresario do contido da totalidade das súas cláusulas ou condicións, sen salvidades ou reserva algunha.

Cada entidade licitadora non poderá presentar máis dunha proposición, nin subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros si o fixera individualmente



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por él subscritas.

### 7.2.- Lugar e Prazo de presentación das ofertas.

As ofertas presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Meira en horario de 9:00 a 14:00 horas, dentro do prazo de **VINTE DÍAS NATURAIS contados desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación no perfil do contratante do Concello de Meira.**

As proposicións tamén poderán presentarse, por correo, ou en calquera dos lugares establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Cando as ofertas se envíen por correo, (Concello de Meira, Praza do concello s/n, 27.240, Meira-Lugo) o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax (982104090) ou telegrama no mesmo día, consignándose o expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia estendida pola Secretaria do Concello.

Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación.

En todo caso, transcorridos dous días seguintes a esa data sen que se recibira a documentación, esta non será admitida.

A presentación dunha oferta supón a aceptación incondicional polo empresario das cláusulas do presente Prego.

As ofertas para tomar parte na licitación presentaranse en **DOUS sobres pechados**, asinados polo licitador e con indicación do domicilio para os efectos das posibles notificacións, nos que fará constar a denominación do sobre e o título:

**“SEGUNDA FASE DO ABASTECIMENTO DE AUGA AOS LUGARES DE A LOUSEIRA E A COROTA”.**

A denominación dos sobres é a seguinte:

Sobre "A": Documentación administrativa e documentación relativa aos criterios avaliados mediante xuízos de valor.

Sobre "B": Proposición económica e criterios sometidos a fórmulas matemáticas.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre, incluíranse os seguintes documentos, así como unha relación numerada destes:



## DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA.

a) Declaración Responsable do licitador indicativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa Administración.

A declaración responsable presentarse conforme ao modelo incluído no presente prego.

En caso de que a adscrición de medios esixida se cumpra con medios externos ao licitador, deberá presentarse unha declaración responsable polo licitador e por cada un dos medios adscritos á execución do contrato.

Se varias empresas concorren constituíndo unha unión temporal, cada unha das que a compoñen deberá acreditar a súa personalidade, capacidade e solvencia, presentando todas e cada unha presentar a correspondente declaración responsable.

b) Documento no que conste a dirección de correo electrónico, fax e teléfono fixo ou móbil a través do cal se lle poidan remitir as comunicacións que se estimen pertinentes seguindo o modelo que se detalla a continuación:



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

“D/D<sup>a</sup>.....provisto de DNI.....con enderezo para os efectos das posibles notificacións neste procedemento en.....en nome e representación da mercantil....., con CIF....., comunico ao Concello de Meira que a dirección de correo electrónico, número de fax, así como de teléfono fixo e/ou móbil a través dos que se poden establecer unha vía de comunicación con esta empresa no que atinxe a este procedemento aberto simplificado para a adxudicación do contrato de obras do proxecto denominado **“SEGUNDA FASE DO ABASTECIMENTO DE AUGA AOS LUGARES DE A LOUSEIRA E A COROTA”**, son os que a continuación se relacionan:

- Dirección de correo electrónico:
  
- Número de Fax:
  
- Número de teléfono/s fixo e móbil:

Meira,.....de .....de 2021

Sinatura do licitador,

Asdo.:

Toda a documentación administrativa anteriormente relacionada, agás a sinalada na letra b), poderase substituír pola presentación dunha declaración responsable conforme ao seguinte modelo:



## MODELO DECLARACIÓN DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA

D/D<sup>a</sup>.....provisto de  
DNI.....con endereço para os efectos das posibles  
notificacións neste procedemento  
en.....en nome e  
representación da mercantil.....,  
con CIF.....,

en relación ao procedemento administrativo de contratación administrativa mediante  
o procedemento aberto simplificado do Concello de Meira para a obra de:

**“SEGUNDA FASE DO ABASTECIMENTO DE AUGA AOS LUGARES DE A  
LOUSEIRA E A COROTA”.**

### DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE:

**Primeiro.-** A súa vontade de participar en dito proceso de contratación administrativa.

**Segundo.-** Que cumpre con todos os requisitos previos esixidos no apartado primeiro  
do artigo 140 da LCSP, e en concreto:

- a) Que conta coa personalidade xurídica e, no seu caso, representación.
- b) Que, no seu caso, está debidamente clasificada a empresa ou que conta cos requisitos de solvencia económica, financeira e técnica ou profesional.
- c) Que non está incurso nunha prohibición de contratar das recollidas no artigo 71 da LCSP.
- d) Que se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.
- e) Que acepta os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas do presente contrato de obra.
- f) Que se somete á xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, por todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puideran xurdir do contrato, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidera corresponder ao licitador (só no caso de empresas estranxeiras).

**Terceiro.-** Que se compromete a acreditar a posesión e validez dos documentos a que se fai referencia no apartado segundo de esta declaración, en caso de que sexa proposto como adxudicatario do contrato ou en calquera momento en que sexa requirido para elo.

Meira,.....de .....do 2021

Sinatura do licitador,





## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

### DOCUMENTACIÓN RELATIVA AOS CRITERIOS SOMETIDOS A XUÍZOS DE VALOR.

O formato deberá ser A4 cun límite máximo de 60 páxinas (nesta documentación inclúese toda a documentación proposta, índices, portadas, certificados, diagrama de Gantt etc.)

O tamaño da fonte da letra non poderá ser inferior a Arial 12 ou similar.

No caso de non seguir a estrutura ou o formato indicado, e que a forma de presentación dificulte ou provoque confusión á hora de localizar a documentación solicitada, imposibilite a comparación coas demais ofertas ou provoque vantaxes á empresa, e, polo tanto, non permita valorar a oferta de maneira clara e precisa, e respondendo o principio de igualdade na aplicación dos criterios de adxudicación, a mesa de contratación poderá excluír á mesma do proceso de licitación.

Non se valorarán os puntos engadidos pola/o contratista que non se adapten á estrutura da oferta indicada por este prego, ou no caso de que se estableza límites de páxinas, as partes da oferta que superen este límite.

A entidade licitadora deberá presentar a oferta técnica e para o que empregará unha linguaxe escrita e iconográfica incluínte e exenta de sexismo que promova a igualdade efectiva entre mulleres e homes.



Cod. Validación: 7DFZQFA4FTSNF3DDH5FQEFWK | Corrección: <https://meira.sedelectronica.es/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 29

## PROPOSICIÓN ECONÓMICA E CRITERIOS SOMETIDOS A FÓRMULAS MATEMÁTICAS.

a) Proposición económica.

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

D/D<sup>a</sup>.....provisto de DNI.....con enderezo para os efectos das posibles notificacións neste procedemento en.....en nome e representación da mercantil....., con CIF....., e tendo en conta o procedemento de contratación do Concello de Meira para a realización do contrato de obras do proxecto denominado:

### “SEGUNDA FASE DO ABASTECIMENTO DE AUGA AOS LUGARES DE A LOUSEIRA E A COROTA”

polo procedemento aberto simplificado fago constar que coñezo o Prego que serve de base ao contrato, así como o proxecto técnico que serve como prego de condicións técnicas e acéptoo integramente, tomando parte da licitación e comprometéndome a tomar ao meu cargo a execución das obras, con estrita suxeición aos requisitos e condicións establecidas, co seguintes importes:

- **Prezo sen I.V.E.:** €  
**Importe do Imposto sobre o Valor Engadido (I.V.E.):** €  
**TOTAL:** €.
- Prazo de conservación e mantemento das obras unha vez rematada o prazo de garantía mínimo esixido:.....meses.
- Redución de prazo de remate da obra:.....semana/s.

Meira,.....de .....do 2021

Sinatura do licitador

Asdo.:



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

### 8.- GARANTÍA PROVISIONAL.

Non se esixe, acordo á natureza e entidade do procedemento.

### 9.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Para a valoración das proposicións e a determinación da mellor oferta atenderase a unha pluralidade de criterios de adxudicación en base á mellor relación calidade/prezo.

A mellor relación calidade/prezo avaliarase acordo a criterios económicos e cualitativos tal e como se prevé no artigo 145.2 da LCSP.

Tal e como se prevé no artigo 146.3 da LCSP, o presente contrato articúlase por fases, sendo necesario acadar un mínimo de 15 puntos na valoración daqueles criterios sometidos a un xuízo de valor para poder participar na valoración dos criterios avaliados coa aplicación de fórmulas matemáticas.

#### 9.1.- VALORACIÓN DOS CRITERIOS SOMETIDOS A XUIZO DE VALOR (ATA 25 PUNTOS).

Na documentación que se presente neste sobre non se poderá incluír ningún dato que permita intuír a proposta presentada nos criterios avaliados de xeito automático. O incumprimento deste requisito implicará a exclusión do procedemento.

Na valoración dos diferentes apartados relativos a criterios sometidos a xuízo de valor, teranse en conta aspectos tales como:

- Adaptación de cada uno dos documentos ao contido solicitado.
- Grado de detalle e concreción da documentación.
- Coherencia de todos os documentos.
- Particularización á obra que se licita.
- Bo coñecemento da zona, a problemática e de calquera outro condicionante que afecte á execución.
- Aportación de estudos específicos.
- Experiencia na execución de obras de características similares.

#### 9.1.1.- Memoria e programa de traballos (ATA 21 PUNTOS).

a) Análise da actuación obxecto do proxecto, as actividades e unidades de obra e os condicionantes principais da execución do proxecto. (ATA 7 puntos).

Teranse en conta o análise da problemática da obra, os condicionantes principais e as actividades máis importantes na realización e execución dos traballos.

Para elo terase en conta as especiais condicións que presenta esta infraestrutura na rede de servizos municipais básicos do Concello de Meira e valorando os aspectos medioambientais, patrimoniais e socioeconómicos da zona de influencia.

b) Estudio de implantación, acopios e desvíos. (ATA 7 puntos).



Valoraranse todas aquelas propostas que incidan na aplicación de medidas que permitan minimizar o impacto no medio ambiente da actuación proxectada.

Para elo teranse en conta os materiais empregados así como a xestión dos residuos xerados durante a execución considerando a zona de afección da infraestrutura a desenvolver.

Ademais, consideraranse como aspectos a cualificar aqueles valorados coa fauna e flora vexetal na zona de influencia.

Deberase incluír un estudo de implantación detallado, coas provisións correctas e desvíos necesarios acordos aos condicionantes da obra de forma clara e concisa na actividade económica e social ordinaria da zona onde se leva a cabo.

### c) Programación das obras (ATA 7 PUNTOS).

Deberase presentar unha programación realmente explicativa e particular das obras e do procedemento descrito nos apartados anteriores, con particularización ou non das fases presentadas, con revisión da ordenación lóxica das unidades de traballo (a dependencia dunhas unidades sobre outras) e dous equipos que se empregan nas mesmas; e as particularidades para a solución dous tempos de atraso nas obras non referente ás actividades críticas.

Valorarase a presentación dun calendario de traballos a levar a cabo así como o cronograma das mesmas.

### 9.1.2.- Criterios medioambientais (ATA 4 PUNTOS).

Deberase realizar unha proposta de actuación para a recollida selectiva de residuos e procesos de reciclado, adaptada ás peculiaridades da obra:

-Medidas prevención xeración de residuos.

-Operacións de reutilización, valorización ou eliminación de residuos.

-Medidas clasificación residuos, prescricións en relación co almacenamento, manipulación, separación e outras operacións de xestión dos RDC.

-Programa de puntos de inspección e certificados dos materiais.

### 9.2.- VALORACIÓN DOS CRITERIOS SOMETIDOS A APLICACIÓN DE FÓRMULAS MATEMÁTICAS (ATA 75 PUNTOS).

#### 9.2.1.- Redución do prazo de execución da obra (ATA 5 PUNTOS).

O proxecto técnico redactado ao respecto propón como prazo de execución tres (3) meses.

Por cada proposición que reduza o prazo de remate proposto no proxecto técnico outorgarase, **1 punto por cada semana de redución, cun máximo de cinco (5) puntos.**

#### 9.2.2.- Ampliación do prazo de conservación e mantemento das obras unha vez rematado o prazo de garantía mínimo esixido (ATA 25 PUNTOS).

Fíxase como prazo de garantía mínimo neste contrato o de 1 ano.

Por cada proposición que aumente dito prazo, outorgarase **1 punto por cada mes**



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

### de incremento, cun máximo de vinte e cinco (25) puntos.

#### 9.2.3.- Prezo ofertado (ATA 45 PUNTOS).

Quedarán desestimadas todas aquelas proposicións que superen o prezo base de licitación e/ou valor estimado do contrato sinalado na cláusula cuarta.

A asignación de puntos efectuarase proporcionalmente á oferta económica presentada polos licitadores, e acordo coa seguinte fórmula:

$$\text{Puntuación} = [45 \cdot (A - C)] / (A - B).$$

Sendo:

**A:** Orzamento base de licitación.

**B:** A mellor proposta económica presentada polos licitadores.

**C:** Proposta económica de cada licitador que se somete a valoración.

#### **10.- OFERTAS ANORMALMENTE BAIXAS.**

Consideraranse incursas en presunción de anormalidade as ofertas que cumpran os parámetros obxectivos cando a oferta económica presentada incorra nos supostos do artigo 85 RGLCAP.

Conforme ao artigo 159.4. f) da LCSP 2017 cando a oferta do licitador que obtivese a mellor puntuación presúmase que é anormalmente, a Mesa, previa exclusión, no seu caso, das ofertas que non cumpran os requirimentos do prego, e antes da realización da proposta de adxudicación a favor do candidato con mellor puntuación, deberá tramitarse o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP, no que se solicitará o asesoramento técnico do servizo correspondente, aínda que o prazo máximo para que xustifique a súa oferta o licitador non poderá superar os 5 días hábiles desde o envío da correspondente comunicación.

Así, recibidas as xustificacións, a Mesa solicitará un informe técnico, que analice detalladamente as motivacións que argumentase o licitador para poder manter a súa oferta.

En todo caso, os órganos de contratación rexeitarán as ofertas se comprobán que son anormalmente baixas porque vulneran a normativa sobre contratación ou non cumpren as obrigacións aplicables en materia ambiental, social ou laboral, nacional ou internacional, incluíndo o incumprimento dos convenios colectivos sectoriais vixentes.

Entenderase en todo caso que a xustificación non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou custos propostos polo licitador cando esta sexa incompleta ou se fundamente en hipótese ou prácticas inadecuadas desde o punto de vista técnico, xurídico ou económico.

Á vista das xustificacións dos contratistas cuxa oferta fose clasificada como desproporcionada e do informe técnico municipal que as analice, a Mesa de Contratación, propoñerá ao órgano de contratación de xeito motivado a admisión da oferta ou a súa exclusión.



Cando resulte adjudicatario do contrato unha empresa que estivese incurso en presunción de anormalidade, o órgano de contratación establecerá mecanismos adecuados para realizar un seguimento pormenorizado da execución do mesmo, co obxectivo de garantir a correcta execución do contrato sen que se produza unha diminución na calidade dos servizos, as obras ou as subministracións contratadas.

De conformidade co artigo 107.2 da LCSP, o órgano de contratación poderá establecer a presentación de garantía complementaria nos casos en que a oferta do adjudicatario resultase inicialmente incurso en presunción de anormalidade.

## **11.- PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓN.**

De conformidade co artigo 159 da LCSP, as proposicións deberán presentarse necesaria e unicamente no rexistro indicado no anuncio de licitación e sinalado na cláusula 7.2 dos presentes pregos.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición.

Tampouco poderá subscribir ningunha proposición en unión temporal con outros empresarios se o fixo individualmente ou figurar en máis dunha unión temporal.

A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as proposicións por el subscritas.

A presentación de proposicións supón a aceptación incondicional polo empresario do contido da totalidade das cláusulas ou condicións previstas nos pregos que rexen o contrato, sen excepción ou reserva algunha.

## **12.- MESA DE CONTRATACIÓN.**

De conformidade co previsto na LCSP, a Mesa de Contratación estará integrada por:

**PRESIDENTE:** O Alcalde ou concelleiro da Corporación no que delegue.

**VOGAIS:** 3 Funcionarios/as, persoal laboral ou técnicos designados polo Alcalde.

**SECRETARIA:** Un funcionario ou persoal laboral designado polo Alcalde.

Nas entidades locais poderán integrarse na Mesa a persoal ao servizo das Deputacións Provinciais ou das Comunidades Autónomas.

## **13.- APERTURA DE DOCUMENTACIÓN E EXAME DAS PROPOSICIÓN.**

Dentro do prazo máximo de vinte (20) días hábiles seguintes ao remate do prazo de presentación das proposicións, a Mesa de Contratación cualificará os documentos presentados en tempo e forma (sobre A), e o Secretario certificará a relación de documentos que figuren neles.

Se a Mesa observa defectos ou omisións na documentación presentada procederá a efectuar un requirimento que permita ao licitador emendar ou corrixir a deficiencia detectada.

Aos efectos do establecido nos artigos 54 a 64 e 82 da LCSP, a Mesa e o órgano de contratación poderán recabar do empresario aclaracións sobre os certificados e documentos presentados ou incluso requirirle a presentación doutros complementarios.



## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

A Mesa, unha vez cualificada a documentación e emendados, no seu caso, os defectos ou omisións da documentación presentada, procederá a determinar as empresas que se axustan aos criterios de selección fixados neste prego, co pronunciamento expreso sobre os admitidos á licitación, os que sexan rexeitados e motivando as causas que o provocan.

A apertura do sobre A realizarase nas dependencias do Concello de Meira no día e hora que fixe a Mesa, dando conta con anterioridade da clasificación documental presentada. Previamente será anunciado na páxina web, perfil do contratante e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Meira.

Cando para a valoración das proposicións teñan que de terse en conta criterios distintos ao do prezo, o órgano competente para iso, poderá solicitar, antes de formular a súa proposta, cantos informes técnicos considere precisos.

Igualmente, poderán solicitarse estes informes cando sexa necesario verificar que as ofertas cumpren coas especificacións técnicas do prego.

Tamén se poderán requirir informes ás organizacións sociais de usuarios destinatarios da prestación, ás organizacións representativas do ámbito de actividade ao que corresponda o obxecto do contrato, ás organizacións sindicais, ás organizacións que defendan a igualdade de xénero e a outras organizacións para a verificación das consideracións sociais e ambientais.

Unha vez efectuada a proposta de cualificación dos sobres A pola Mesa, fixarase o día e hora da apertura dos Sobres B.

En todo caso a apertura das propostas relativas a criterios económicos farase en acto público.

Este acto será previamente anunciado na páxina web, perfil do contratante e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Meira.

A Mesa, á vista das proposicións e demais circunstancias que teñan que terse en conta e en atención ao informes técnicos e asesoramentos que estime oportuno, valorará as distintas proposicións presentadas, clasificándoas por orde decrecente de valoración e propondrá ao órgano de contratación a adxudicación a favor do licitador que houbera presentado a oferta máis vantaxosa de conformidade co establecido neste prego.

### 14.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN.

Valoradas as ofertas definitivas, e clasificadas estas por orde decrecente o Sr. Alcalde como representante do órgano de contratación requirirá ao licitador que presentou a oferta económica máis vantaxosa para que no prazo máximo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar desde o seguinte a aquel en que recibira o requirimento, presente a DOCUMENTACIÓN XUSTIFICATIVA DE:

- Atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias.
- Atoparse ao corrente do cumprimento das obrigas coa Seguridade Social.
- Dispoñer efectivamente dos medios que se compromete a dedicar ou subscribir á execución do contrato.



- En caso de que a documentación administrativa inicial fose substituída pola declaración responsable, deberá achegar así mesmo toda a documentación prevista nestes pregos.

- Xustificante de ter constituída a garantía definitiva.

## **15.- ADXUDICACIÓN.**

A adxudicación do contrato deberá ser motivada, notificarase aos licitadores e publicarase no perfil de contratante.

A notificación conterá a información necesaria que permita aos interesados interpoñer recurso suficientemente fundado contra a decisión de adxudicación.

O órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos DEZ DÍAS HÁBILES seguintes á recepción da documentación prevista na cláusula anterior, adxudicación que será motivada, notificada aos licitadores e simultaneamente se publicará no perfil do contratante do Concello de Meira.

## **16.- GARANTÍA.**

Non se esixe a constitución de garantía provisional no presente procedemento.

O licitador coa oferta economicamente máis vantaxosa deberá presentar con carácter previo á adxudicación do contrato, unha garantía definitiva do 5% do prezo final ofertado (excluído o IVE) e nas formas previstas no artigo 108 da LCSP.

Non se prevé a posibilidade de que dita garantía se realice mediante retención no prezo.

## **17.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.**

A formalización do contrato realizarase mediante a firma polo contratista da resolución de adxudicación.

En ningún caso poderá iniciarse a execución do contrato sen a súa previa formalización, que se producirá no prazo máximo de cinco días desde que o adxudicatario recibise o requirimento.

Si se tratase dunha Unión Temporal de Empresas o seu representante deberá presentar ante o órgano de contratación a escritura pública da súa constitución, CIF asignado e nomeamento de representante con poder suficiente.

A formalización do contrato publicarase no perfil de contratante.

Ao contrato que se formalice unirase un exemplar deste prego de cláusulas administrativas particulares xunto coa oferta presentada no Sobre B e que serán asinados polo adxudicatario, polo representante do concello e pola secretaria-interventora do Concello de Meira, quen dará fe do acto en virtude do disposto no Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo.

Non obstante e acordo co disposto no artigo 159.6.g), se o Concello opta pola formalización do contrato mediante a sinatura de aceptación polo contratista da resolución ou acordo de adxudicación, deberá xuntarse a oferta sinalada no parágrafo anterior.

## **18.- RECEPCIÓN DAS OBRAS E PRAZO DE GARANTÍA.**





## CONCELLO DE MEIRA

Praza do concello, s/n  
27240 Meira  
Lugo  
Teléf/Fax.: 982 330 102  
CIF: P2702900H  
Enderezo electrónico: [concello.de.meira@eidolocal.es](mailto:concello.de.meira@eidolocal.es)



Concello  
de Meira

Fíxase como prazo máximo de remate das obras o de tres meses (3) mes desde o comezo das mesmas, data que será comunicada á Administración.

A partir do remate das obras comezará o prazo de garantía mínimo dun (1) ano.

A supervisión das obras por parte do Concello realizarase por un técnico designado ao efecto ou polo arquitecto municipal.

### 19.- OBRIGAS DO CONTRATISTA.

1. O contratista queda obrigado a realizar as obras nos termos recollidos no Prego de Cláusulas Administrativas, no Proxecto Técnico, así como por aquelas directrices establecidas desde o concello a través de informes técnicos.

